Avaliación Externa

COOPERACIÓN GALEGA; O MUNDO QUE QUEREMOS 2017-2018

Solidariedade Internacional de Galicia, SIG
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO
Fundación Educación e Cooperación, EDUCO

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

O Mundo que queremos

Estudo realizado por Wayna Consultora SL
Xuño-Outubro 2018

ÍNDICE

Páxina

1. INTRODUCIÓN 2

1.1. Obxectivos da avaliación 2

1.2. Dimensións da avaliación 2

1.3. Metodoloxía empregada 3

1.4. Condicionantes e límites do estudo 4

2. PRESENTACIÓN DA INTERVENCIÓN 5

3. RESULTADOS DA AVALIACIÓN 7

3.1. Criterio de eficacia segundo a matriz do marco lóxico 7

3.2. Criterio de impacto 19

4. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA 27

5. ANEXO 31

1. INTRODUCIÓN

1.1. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

A presente avaliación realízase a petición da ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, SIG, co **obxectivo xeral** de revisar e analizar a execución do proxecto *"Cooperación Galega; o mundo que queremos 2017-2018"* (en diante, OMQQ).

Así mesmo, establécense os seguintes **obxectivos específicos**:

- Determinar a **eficacia** da intervención, así como o grao de consecución de obxectivos e resultados segundo a matriz de planificación inicial seguindo o enfoque do marco lóxico.
- Examinar o **impacto** da intervención na poboación beneficiaria directa, concretamente no alumnado participante.
- Identificar **propostas** de mellora de cara a futuras edicións de OMQQ.

1.2. DIMENSIÓNS DA AVALIACIÓN

Esta avaliación **abarca os seis centros educativos nos que se desenvolveu o proxecto** no curso académico 2017-2018, isto é: CPR La Inmaculada, de Marín; CPR Fogar de Santa Margarida, de A Coruña; IES Brión, de Brión; IES Fernando Wirtz, de A Coruña; IES Castro Alobre, de Vilagarcía de Arousa e IES Fonmiñá, de Pastoriza.

O período temporal tido en conta é a duración total do proxecto segundo o documento de formulación, sendo a data de inicio xuño de 2017 e a de finalización agosto de 2018. A data de finalización foi ampliada, previa solicitude e aprobación pola entidade financiadora, ata novembro de 2018, polo que o período analizado neste estudo abarca un total de dezaoito meses.

Pola súa banda, o sector deste estudo englóbase no código CRS 99820 "Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento", sendo unha intervención que se vincula con tres das catro dimensións da Educación para o Desenvolvemento: a sensibilización, a formación e a incidencia, participación e mobilización social.

1.3. METODOLOXÍA EMPREGADA

O obxectivo desta avaliación é realizar unha análise dende o punto de vista tanto cuantitativo como cualitativo, polo que a metodoloxía empregada combina métodos de investigación social de ambos enfoques. Así garántese unha visión máis real do que foi a intervención, mellorando a calidade dos resultados obtidos.

- ✓ A **análise cuantitativa** faise a través da revisión da documentación e produtos do proxecto, así como da análise dos resultados de cuestionarios realizados polo alumnado participante dos centros educativos.
- ✓ Na **análise cualitativa** emprégase fundamentalmente a técnica de investigación social de entrevistas: entrevistas en profundidade ao profesorado e entrevistas grupais a unha mostra do alumnado.

Tendo en conta isto, a recompilación de información para a elaboración desta avaliación estrutúrase do seguinte modo:

A) A ***información secundaria*** obtense da revisión da documentación e materiais entregados por SIG, Educo e Agareso para tal fin, así como da páxina web do proxecto (http://omundoquequeremos.org/).

B) As fontes ***de información primaria*** desta avaliación son as seguintes:

- Realización de **entrevistas** semiestruturadas ao profesorado dos seis centros participantes: 1 profesora e 1 profesor do CPR La Inmaculada, 1 profesora do CPR Fogar de Santa Margarida, 1 profesor do IES Brión, 1 profesora do IES Fernando Wirtz, 1 profesor do IES Castro Alobre e 1 profesora do IES Fonmiñá.
- Realizáronse **entrevistas grupais** co alumnado de cinco dos seis centros implicados[1], un total de 58 estudantes (57% rapazas). Por centros participaron: 10 estudantes do CPR La Inmaculada (6 rapazas), 10 do CPR Fogar de Santa Margarida (6 rapazas), 4 do IES Brión (1 rapaza), 23 do IES Fernando Wirtz (12 rapazas) e 11 do IES Fonmiñá (7 rapazas).

[1] A loxística e organización propia do IES Castro Alobre dificultou o encontro co alumnado deste centro para realizar a avaliación, sen posibilidade final de cadrar unha data por atoparse nas derradeiras semanas do curso.

- Elaboración de un **cuestionario** de valoración xeral para o alumando, así como a realización da **enquisa** empregada para a elaboración da liña base. Na enquisa de LB participaron en total 58 estudantes (57% rapazas) dos cinco centros antes mecionados e no cuestionario de valoración participaron 56 estudantes (57% de rapazas). No primeiro caso a porcentaxe de respostas válidas é do 100% e no segundo caso a porcentaxe redúcese ao 95% (invalidando 3 respostas).

As visitas aos centros para a recompilación da información primaria foron realizadas no mes de xuño de 2018 nas seguintes datas:

- ***11 de xuño***: CPR Fogar de Santa Margarida, A Coruña.
- ***12 de xuño***: IES Fernando Wirtz, A Coruña.
- ***13 de xuño***: CPR La Inmaculada, Marín.
- ***14 de xuño***: IES Castro Alobre, Vilagarcía de Arousa.
- ***21 de xuño***: IES Fonmiñá, Pastoriza.
- ***26 de xuño***: IES Brión, Brión.

1.4. CONDICIONANTES E LÍMITES DO ESTUDO

Os condicionantes que afectan á elaboración desta avaliación son os comúns que atopamos nos proxectos destas características cos que temos traballado anteriormente. Neste caso, os fundamentais son o factor temporal e o elevado número de alumnado participantes (finalmente foron 462 estudantes), estando ademais relacionados entre si.

En relación ao momento temporal, a maior dificultade coa que nos atopamos foi no traballo de campo para lograr cadrar as visitas aos centros xa que o tempo era moi reducido e ademais coincidiu coas derradeiras semanas do cursos académicos (época de moita carga de traballo nos centros). O esforzo das entidades organizadoras para cadrar as axendas e a dispoñibilidade do profesorado fixeron posible realizar o traballo coa calidade esixida. Non obstante, quedou fóra o alumnado do IES Castro Alobre e no caso do IES Brión o alumnado participante foi demasiado reducido (4 estudantes) por realizarse a visita unha vez rematadas as clases oficiais.

En relación ao número de alumnado, non se contemplou a opción de chegar á súa totalidade (por tempo e recursos económicos) senón a unha mostra. Así, decidiuse que cada centro seleccionase unha mostra representativa do alumnado participante en función, fundamentalmente, da dispoñibilidade e facilidade de cadrar os horarios de clases.

2. PRESENTACIÓN DA INTERVENCIÓN

Ficha resumo do proxecto.

TÍTULO:	*COOPERACIÓN GALEGA; O MUNDO QUE QUEREMOS.*		
ONGD SOLICITANTE:	*Solidariedade Internacional de Galicia.*		
ONGD AGRUPADA:	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO. *Fundación Educación y Cooperación, EDUCO*		
PAÍS:	*España, Galicia*	**ORZAMENTO:**	*75.621,20 €*
FINANCIADORA:	*Xunta de Galicia*	**SUBVENCIÓN:**	*70.000,00 €*
INICIO:	*Xuño 2017*	**FINALIZACIÓN:**	*Agosto 2018*
PRÓRROGA:	*3 meses de execución (aprobada pola Xunta de Galicia)*		
SECTOR:	*Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento, CRS 99820*		
OBXECTIVO XERAL:	*Fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.*		

O presente proxecto está liderado por Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) en agrupación coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e a Fundación Educación y Cooperación (EDUCO), financiado a través dun convenio de colaboración pola Xunta de Galicia.

Baixo o título "Cooperación Galega; o mundo que queremos" (OMQQ), este proxecto apunta a tres das dimensións da Educación para o Desenvolvemento: sensibilización, incidencia social e formación, sendo esta última a de maior peso. A intervención conta cunha importante traxectoria previa ao ser esta a súa quinta edición, comezando no curso 2013-2014.

OMQQ oferta un programa de sensibilización e formación a un amplo número de estudantes de educación secundaria (estimación inicial de 800), así como o apoio ao seu profesorado (estimación inicial de 20), que se desenvolveu ao longo do curso académico 2017-2018 en seis centros educativos. Finalmente chegouse a un total de 462 estudantes e algo máis de 20 docentes.

O programa desenvolveuse tal e como estaba estruturado: unha viaxe metafórica cara ao mundo que queremos. Así, parte dunha sesión inicial de introdución a conceptos clave á

que lle seguen dúas sesións de comunicación comunitaria (obradoiros de radio e fotografía), unha sesión de Teatro da Oprimida, unha visita do Sur (nesta ocasión de dúas mulleres do *Centro de Estudios de la Mujer* de Honduras) e pecha cun acto final de incidencia por centro. É dicir, esta viaxe está planificada con seis paradas:

PARADA 1. Que é a cooperación internacional e que pretendemos con este proxecto? Alternativas do mundo que queremos.

PARADA 2. A comunicación como ferramenta de cambio social

PARADA 3. Aprender facendo, construíndo discurso.

PARADA 4. Teatro da oprimida.

PARADA 5. Unha visita moi especial de Honduras.

PARADA 6. Fin de traxecto. Queremos alzar a voz.

Este programa enténdese como una formación teórico-práctica, fomentando a participación activa do alumnado en cada obradoiro. Así mesmo, a derradeira parada enténdese como acto final no que sacar das aulas o proxecto para organizar unha acción de incidencia política na que xerar vínculos entre a dimensión global e a realidade da contorno dos centros.

En comparanza co resto de proxectos de EpD financiados pola Xunta de Galicia, OMQQ diferénciase fundamentalmente en dous eidos. En primeiro lugar, por tratarse dun proxecto que se enmarca no *Plan Proxecta* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia[2] cuxo obxectivo fundamentar é o fomento da innovación educativa. Así, os centros interesados en participar deben de solicitalo a través de dita consellería, cumprindo tanto os centros como as ONGD organizadoras todos os requirimentos establecidos no *Plan Proxecta*.

En segundo lugar, por ser un proxecto ideado e executado de xeito colaborativo por entidades con ampla traxectoria no eido da EpD en Galicia. Nesta edición son tres as entidades que lideran con maior peso a intervención (SIG, EDUCO, AGARESO) e dúas ás participan sen ser formalmente parte do consorcio (Asemblea de Cooperación Pola Paz, ACPP, e o "Grupo de Teatro dx Oprimidx 100Tolas"). Todas as entidades participan en OMQQ desde a primeira edición, agás ACPP que se incorporou na segunda, polo que todas elas teñen un total coñecemento do que é e como funciona o proxecto.

[2] Máis información do Plan Proxecta en https://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta.

3. RESULTADOS DA AVALIACIÓN

3.1. CRITERIO DE EFICACIA

· **RESULTADO 1.** ***Deseñado, xestionado e executado o Plan de Coordinación e Comunicación entre as ONGD consorciadas, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Plan Proxecta 2017/2018.***

Pódese considerar este primeiro resultado como acadado satisfactoriamente. Como se observa na táboa de indicadores posterior, todos os indicadores establecidos teñen un grao elevado de cumprimento. Tendo en conta a multitude de actores que participan no proxecto, acadar unha boa coordinación e comunicación entre todos eles considérase unha condición necesaria (aínda que non suficiente) para lograr unha intervención exitosa. E, neste caso, pódese afirmar que ese elemento indispensable foi conseguido.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV1.1. A lo menos 15 comunicacións (telefónicas e vía email) co persoal coordinador da Consellería de Educación.	**ALTO**	Verificación, a través das actas internas de traballo das ONGD, de máis de 15 comunicacións (telefónicas e vía email) realizadas relacionadas, fundamentalmente, coa organización e loxística da execución do proxecto.
IOV1.2. Atendidas o 100% das solicitudes de participación por parte dos centro educativos no proxecto Cooperación Galega; o mundo que queremos.	**ALTO**	Sen observacións.
IOV1.3. Avaliadas o 100% das solicitudes de participación por parte dos centro educativos no proxecto Cooperación Galega; o mundo que queremos.	**ALTO**	Sen observacións.
IOV1.4. Avaliadas o 100% das memorias de participación por parte dos centro educativos no proxecto Cooperación Galega; o mundo que queremos.	**ALTO**	Revisadas as 6 memorias de participación enviadas polos centros.
IOV1.5. A lo menos 1 encontro presencial coa Consellería de Educación.	**ALTO**	Reunión entre a equipa de SIG e a Consellería ao inicio do proxecto. Sen ben non se presenta FFVV correspondente, acreditamos a existencia de dita reunión polas comunicacións periódicas informais mantidas con todo o equipo de SIG ao longo do proxecto (sendo a fonte fidedigna).
IOV1.6. A lo menos 4 reunións presenciais de todas as organizacións do proxecto.	**ALTO**	Revisada a documentación que acredita 5 reunións presenciais nas que participa o consorcio no seu conxunto EDUCO-SIG-AGARESO (actas de reunións).

Para futuras edicións de OMQQ recoméndase analizar a idoneidade dos indicadores 2 e 3 xa que poden resultar redundantes ou repetitivos (ao avaliar a totalidade de propostas, enténdese que as estás atendendo). Así mesmo, recoméndase mellorar a adecuación das fontes de verificación para cada un dos indicadores seleccionados (non pode quedar ningún indicador sen a súa fonte de verificación). Isto mellorará a formulación do proxecto pero tamén o proceso de recompilación de fontes para o proceso de xustificación.

Por último, recoméndase establecer un documento no que se recollan os criterios a valorar no proceso de selección de centros. Isto tanto para cando o número de solicitudes supere as posibilidades que pode abarcar o proxecto, como para cribar os centros que por diversos motivos (alumnado excesivo ou escaso, baixa implicación do profesorado, a motivación do profesorado,...) non cumpran os requirimentos mínimos para garantir unha intervención exitosa. Así mesmo, proponse engadir outros procedementos no momento de avaliar as solicitudes (máis aló das memorias elaboradas polos centros): reunións, entrevistas.

No caso concreto deste ano e despois de realizar o proceso de avaliación, pensamos que en dous dos seis centros seleccionados non se cumprían os mínimos necesarios para pór en marcha OMQQ (o que dificultou ao longo de todo o curso a intervención nos mesmos). Destes dous casos, un foi debido a un erro de interpretación do profesorado en relación ao que supón participar no proxecto (e un erro das ONGD responsables por non ter comprobado que o que entenderan e buscaban no centro estaba aliñado con OMQQ).

· **RESULTADO 2.** ***Facilitados os coñecementos e as ferramentas precisas ao profesorado implicado para a incorporación do discurso da EpD na súa aula ao longo do curso 2017-2018.***

En termos comparados, este é o resultado con maiores carencias destas intervención. Atendendo ao cumprimento de indicadores, como se observa na táboa seguinte, o desempeño é baixo. Así mesmo, das entrevistas realizados ao profesorado dos seis centros non se aprecia que elas e eles incorporasen o discurso da EpD nas súas aulas, nin que asumisen novas ferramentas ou afondasen nos seus coñecementos dun xeito significativo[3].

A primeira das recomendacións neste punto é ampliar a batería de indicadores para poder medir efectivamente que o profesorado mellora os seus coñecementos e ferramentas para incorporar o discurso da EpD nas súas aulas.

[3] Agás no caso da docente do IES de Fonmiñá que si amosa ter a capacidade instalada e interese por incorporar a EpD. Non obstante, non pensamos que o exemplo desta profesora poida servir para extraer conclusións xerais xa que é a segunda vez que participa en OMQQ e ten unha longa e activa traxectoria con SIG (sendo nalgún momento a súa presidenta).

A segunda das recomendacións pasa por reforzar e garantir a presenza do profesorado no primeiro encontro presencial: facilitando a participación (diversas datas e/ou lugares) e mesmo sinalando esta formación como requisito obrigatorio para participar no proxecto.

Así mesmo, podería ser recomendable redeseñar os contidos tratados nesta primeira sesión. Se ben é importante que coñezan con detalle o desenvolvemento de cada unha das sesións, realmente o *dossier* enviado é moi claro e explica á perfección cada unha das paradas (podendo aclarar dúbidas previamente a través de chamadas telefónicas, por exemplo). Quizais nesta sesión poderíase ofrecer ao profesorado opcións para que, unha vez realizada a actividade, poidan afondar nos contidos tratados co seu alumnado (recursos, dinámicas, temáticas relacionadas,...).

Por último, sería interesante, na media do posible, ampliar o acompañamento ao profesorado ao longo de todo o proxecto: ben con accións específicas, ben por exemplo destinando un tempo específico para traballar co profesorado os mesmos días dos obradoiros.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV2.1. Ao menos 15 docentes fórmanse durante un mínimo de 4 horas en temáticas de interese para integrar a EpD no ámbito escolar (cooperación internacional e ODS; metodoloxías participativas).	**BAIXO**	Non se proporcionou a FFVV correspondente a este indicador. Non obstante, a avaliadora externa asistiu a esta sesión formativa o 27 de novembro de 2017 en A Coruña e acredita a asistencia de 5 profesoras: 2 do IES Fonmiñá, 2 do CPR Fogar de Santa Margarita e 1 do IES Fernando Wirtz.

Neste senso, cabe mencionar que as tres entidades coordinadoras manifestaron coñecer esta fraqueza do proxecto en relación á implicación do profesorado. Ao mesmo tempo que son conscientes de que é un elemento fundamental da EpD en xeral, e deste proxecto en particular, para *"poder darlle continuidade aos contidos ou reaplicar as cousas que se viron"* en futuros cursos.

· **RESULTADO 3.** ***Facilitados discursos e ferramentas ao alumnado participante para favorecer vías de denuncia sobre as súas realidades.***

Este resultado enténdese como acadado tras a intervención de OMQQ no curso académico 2017-2018. Atendendo ao cumprimento de indicadores, tan só se percibiron dous elementos nos que o éxito non foi total.

En primeiro lugar, o número total de alumnado participante neste edición representa un 58% do inicialmente establecido. Isto é debido, por un lado, a que o número de centros que solicitaron a súa participación foron tan só seis, polo que non houbo xeito de intervir en máis centros para subir o número de alumnado. Por outro, a estimación inicial do número de alumnado é moi difícil xa que as características dos centros son moi variables. Por exemplo, algún centros educativos que solicitan participar son moi pequenos, o profesorado pode ter interese en orientalo a unha soa clase ou a un nivel educativo,... De todos os xeitos, recoméndase rebaixar o nivel de ambición do número de alumnado ao se vai chegar (neste caso 800 estudantes) para evitar sentir a presión de acadar a meta e focalizarse na importancia da acción en si e o seu impacto no público obxectivo (sexa un gran número ou non).

En segundo lugar, como se menciona na táboa de indicadores seguinte, en un dos seis centros participantes non se chegaron a desenvolver a totalidade das accións deseñas. Así, no IES Castro Alobre tan só se realizaron tres: as paradas 1, 4 e 5 da viaxe.

Tanto o persoal técnico como o profesor do centro sinalan como causa, nas entrevistas desta avaliación, a dificultade que supuxo cadrar os horarios para as actividades tendo en conta que o alumnado era de moitos cursos diferentes (practicamente, todo o alumnado de educación secundaria) e tiña que coordinarse con moitas profesoras e profesores diferentes. O centro recoñece que, a pesares de non conseguirse realizar todas as actividades, a resposta e a coordinación con SIG foi moi boa e en todo momento tratouse de ofrecer opcións que se adecuaran as súas necesidades específicas.

Non obstante, o grao de cumprimento medio-alto do primeiro indicador non inflúe negativamente no feito de poder afirmara que si foron *"facilitados discursos e ferramentas ao alumnado participante para favorecer vías de denuncia sobre as súas realidades"*.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV3.1. Ao finalizar o curso escolar 2017/18 foron realizadas 5 intervencións pedagóxicas directas de carácter educomunicativo nos centros de ensino secundario coa participación dun total de 800 alumnos/as.	**MEDIO-ALTO**	As FFVV empregadas para revisar o cumprimento deste indicador son as memorias de participación elaboradas polos centros para o Plan Proxecta. Nas mesmas se observa que, se ben a realización de intervencións nos centros é moi boa (en todos os centros houbo 5 sesións (agás no IES Castro Alobre no que se realizaron 3), o número final de alumnado participante queda en 462 (un 58% do inicialmente establecido).
IOV3.2. Ao menos o 70% do alumnado participante nas intervencións pedagóxicas que responde aos cuestionarios de valoración afirma ter reflexionado sobre actitudes, roles, relacións e expectativas persoais e colectivas a partir da experiencia vivida.	**ALTO**	Nos cuestionarios realizados ao alumnado tras cada sesión inclúese a pregunta: *"A metodoloxía e contidos propostos permitíronche afondar na reflexión sobre: a) a multidimensionalidade das desigualdades no mundo, b) comprender a interconexión glocal (do local co resto do mundo), c) que podo facer eu para cambiar a situación"*. As respostas a estas preguntas apuntan a un cumprimento alto do indicador. Máis dos 70% do alumnado manifesta estar de acordo ou totalmente de acordo coas tres afirmacións anteriores.
IOV3.3. Ao finalizar o curso escolar 2017/18 ao menos 7 producións radiofónicas e 7 fotográficas de temática social e solidaria foron elaboradas e difundidas polo alumnado participante de cada centro de ensino implicado no proxecto.	**ALTO**	No marco deste proxecto foron elaboradas 8 producións radiofónicas, se ben é certo que en 1 dos centros non se acadou o produto agardado. Así, cóntase con 1 produto do CPR La Inmaculada, 2 do CPR Fogar de Santa Margarida, 2 do IES Brión, 1 do IES Fernando Wirtz e 2 do IES Fonmiñá. En relación á fotografía, finalmente editouse un vídeo coas fotografías realizadas polo alumnado de todos os centros sobre a temática de denuncia medioambiental. Estes produtos foron difundidos polas canles de comunicación do proxecto (páxina web e redes sociais) e publicadas no perfil de AGARESO en ivoox (pezas radiofónicas).

En relación a este primeiro indicador, é importante examinar a realización das actividades pero tamén resulta relevante observar a valoración do alumnado participante a cada unhas das cinco paradas de OMQQ. Así, como se observa na táboa 01, a valoración media de cada unha das actividade é positiva (destacando levemente as sesións de comunicación e

de teatro)[4]. Segundo sexo, cabe sinalar que a satisfacción das rapazas é levemente maior en cada unha das preguntas formuladas.

Táboa 01. Valoración media do alumnado de cada unha das actividades do proxecto nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "non me gustou nada" e 5 "gustoume moito") segundo sexo.

	MEDIA		
	MULLER	HOME	TOTAL
Parada 1. Que é a cooperación internacional e que pretendemos con este proxecto?	4,1	3,5	**3,9**
Parada 2. A comunicación como ferramenta de cambio social	4,5	4,0	**4,3**
Parada 3. Aprender facendo, construíndo discurso	4,5	4,4	**4,5**
Parada 4. Teatro da oprimida	4,8	4,0	**4,5**
Parada 5. Unha visita moi especial de Honduras	4,4	3,8	**4,2**
Chegada. Fin de traxecto. Queremos alzar a voz	4,3	3,4	**3,9**
Satisfacción global	4,5	4,1	**4,4**

Fonte: Elaboración propia.

Polo tanto, queda de manifesto que non só se realizaron as actividades programadas, senón que as mesmas resultaron de interese e útiles. Así, a satisfacción global do alumnado con respecto ao proxecto sitúase nun 4,4 de media xeral, con diferenzas moderadas entre sexos. O grupo das mulleres valórao de forma lixeiramente máis positiva que os homes, cun 4,5 e un 4,1 respectivamente.

A modo de conclusión, solicitouse ao alumnado que respondera á cuestión *"Recomendarías este proxecto a outras compañeiras e compañeiros?"* (opción dicotómica Si/Non). Os datos arroxados pola enquisa son contundentes. En torno ao 93% do alumnado recomendaría este proxecto, aínda que con diferenzas por sexos: case o 97% das rapazas declarouse a favor de recomendar o proxecto, fronte ao 88% dos rapaces.

· **RESULTADO 4**. ***Ampliada a capacidade de sensibilización do proxecto a través dunha estratexia de comunicación integral.***

O compoñente relacionado coa comunicación amosa un nivel de cumprimento alto. Todos os indicadores vinculados ao deseño e implementación da estratexia de comunicación foron acadados e evidencian que a capacidade de sensibilización do proxecto viuse fortalecida. Mencionar unicamente que o indicador 6 non pode analizarse debido a que, ao estar definido en perspectiva comparada (aumento do 20%), precísase o dato inicial para comparar. Ao

[4] Nesta enquisa participou o alumnado de cinco dos seis centros (quedando fóra o do IES Castro Alobre). Así mesmo, na pregunta sobre a "chegada" (que é o acto final) participaron só os centros que a realizaron (todos agás o IES Fernando Wirtz e o IES Castro Alobre).

revisar *"A música no universo de ´O Mundo Que Queremos`"* (documento da avaliación externa 2016-2017) non se atopa o dato cuantitativo de repercusión mediática do curso anterior.

Aínda así, a presenza en medios de OMQQ 2017-2018 parece adecuada e de alto alcance e, polo tanto, un complemento perfecto para toda a difusión en Facebook e a propia páxina web do proxecto.

Pola contra, o indicador vinculado á propia implicación e acción dos centros educativos (indicador 7) é o máis feble deste resultado. En termos numéricos, foron realizados actos en catros dos seis centros. Dende unha perspectiva máis cualitativa, tan só un destes actos pode encadrarse no que OMQQ inicialmente ideou: *"algún tipo de acción de incidencia política para demandar o cumprimento dos dereitos traballados durante o curso, ademais de poder mostrar os seus traballos de foto e radio"*[5]. Os outros tres poden considerarse unha acción de difusión ou de compartir o traballo feito entre o alumnado do propio centro (CPR Fogar de Santa Margarida), entre un público máis amplo e xeral (como é o programa de radio do IES Brión) ou como complemento a outra actividade do centro (celebración do Día das Letras Galegas en Marín).

Tendo en conta que nesta edición apostábase por dar *"unha dimensión moito maior aos actos finais"*[6], recoméndase un maior esforzo ou reorientación da actividade para mellorar o seu impacto en futuras edicións. Precísase quizais un maior acompañamento ao longo do curso ao profesorado e alumnado, así como fortalecer dous elementos de OMQQ que este ano non se percibiron como eficaces: o recuncho do proxecto e o alumnado conector. Este grupo de alumnado podería funcionar como impulsor do acto final.

En relación á existencia dun discurso común, este curso as tres entidades coordinadoras consensuaron un documento para OMQQ. Non obstante, cabe mencionar que no proceso de avaliación desde proxecto no se observou a existencia de discursos diferentes. Así, nin o profesorado manifestou que percibiran orientacións moi diferentes por parte do persoal responsable de cada actividade, nin o alumnado amosou enfoques distintos en relación aos conceptos tratados.

[5] Páxina 8 do *dossier* explicativo do proxecto entregado ao profesorado.
[6] Páxina 15 do documento de formulación do proxecto.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV4.1 Socializada co equipo do proxecto a estratexia de comunicación e definidas responsabilidades de cada un respecto á comunicación externa.	**ALTO**	Elaborado e consensuado por todo o equipo do proxecto o Plan de Comunicación de OMQQ no que se detallan as accións a implementar no período de execución da intervención. A entidade responsable da estratexia de comunicación dentro do consorcio é AGARESO.
IOV4.2. Definido un discurso común para todo o equipo de cara a comunicación externa.	**ALTO**	Á finalización do proxecto cóntase cun documento consensuado por todas as entidades participantes en OMQQ no que se establecen as liñas discursivas comúns que toda persoa implicada no proxecto debe seguir. Fundamentalmente, a base é a definición conxunta dunha serie de conceptos relacionados con OMQQ (xustiza social, educación para a cidadanía global, igualdade/equidade,...). Así mesmo, nas entrevistas ao persoas de AGARESO, EDUCO e SIG percíbese que, en termos xerais, todas teñen unha visión afín do que é o proxecto e entende de xeito moi similar e complementario o que é a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
IOV4.3. Compartidas na web do proxecto polo menos cinco post sobre as actividades das aulas.	**ALTO**	Foron publicados 7 post na web do proxecto (http://omundoquequeremos.org/), os cales foron repartidos de xeito coherente ao longo do período de execución. As datas de publicación son as seguintes datas: 12/12/2017, 25/01/2018, 07/02/2018, 05/03/2018, 11/04/2018, 25/06/2018, 15/08/2018
IOV4.4. Aumentado nun 20% o número de seguidores das nosas redes sociais.	**ALTO**	Atendendo aos informes de estatísticas xerados na fanpage de OMQQ en Facebook, durante o período da intervención experimentouse un incremento do 40% do número de persoas seguidoras (pasando de 523 a 731).
IOV4.5. Entregados *dossiers* informativos do proxecto e da visita do sur a todo o profesorado.	**ALTO**	Todo o profesorado entrevistado confirma que recibiu o dossier de OMQQ ao comezo da intervención, amosando un grao de satisfacción elevado. Ademais, as profesoras que asistiron ao primeiro encontro presencial recibiron unha explicación detallada de todo o que supón o proxecto. Aínda así, percíbese que nalgún centro non chegaron a comprender o que realmente supoñía participar ata que se iniciou a intervención. Polo que pode ser recomendable anticipar esta actividade informativa (antes de ser aprobados os centros definitivos) e dedicar un esforzo maior se cabe para garantir que o profesorado non só recibe, senón que entende perfectamente o que é OMQQ.

IOV4.6. Aumentado un 20% o número de entrevistas nos medios de comunicación sobre o contido do proxecto.	**SEN DATOS**	Esta edición de OMQQ contou cunha importante repercusión mediática: 15 aparicións (1 en televisión, 3 en radio e 11 en prensa escrita). Destaca a visita do Sur como unha das actividades máis atractivas para a prensa. Por centros, destaca a presenza en prensa escrita tanto do IES Fonmiñá como do CPR La Inmaculada. Se ben podemos afirmar que a presenza en medios de OMQQ 2017-2018 é adecuada, como avaliación externa non podemos estimar o grao de cumprimento deste indicador. Na avaliación externa 2016-2017 non se recolle o número de aparicións polo que non se pode comparar a cifra para saber se aumentou ou non nun 20%.
IOV4.7. Realizada un acto público por centro educativo sobre os resultados do proxecto.	**BAIXO-MEDIO**	Dos 6 centros, existe constancia de realizar este acto final en 4 (así o confirma o profesorado entrevistado). No CPR La Inmaculada aproveitaron a celebración do 17 de maio. No IES Fonmiñá foi o 21 de xuño cunha saída pola súa contorna. No IES de Brión centrouse nun programa de radio no que 4 alumnas e alumnos compartiron á súa experiencia. No CPR Fogar de Santa Margarida o alumnado de 1º ESO contoulle ao alumnado de 2º o que realizaran durante o curso no proxecto. Se ben cuantitativamente este indicador ten un cumprimento medio, cabe mencionar tamén que cualitativamente recoméndase fortalecer e darlle máis peso a esta actividade no marco do proxecto para que chegar a converterse en verdadeiros actos de incidencia no local.

· **RESULTADO 5**. ***Xestionados os coñecementos sobre a experiencia da intervención de cara á aprendizaxe colectiva.***

Os coñecementos xerados da experiencia desta intervención foron xestionados constantemente por parte das entidades consorciadas cara á aprendizaxe colectiva, considerándose acadado este resultado 5 no período de execución. No cadro seguinte recóllese a análise de cumprimento de indicadores, a cal avala claramente esta afirmación.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV5.1 Obtense a certificación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo a normativa vixente, da participación do profesorado no proxecto como actividade de innovación educativa.	**ALTO**	Acreditada a certificación do profesorado participante en OMQQ pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenanza Universitaria. Mencionar que o profesorado do IES Castro Alobre non obtido esta certificación por non cumprir o centro os requirimentos esixidos polas entidades organizadoras do proxecto. Neste senso, despois de realizar as visitas aos centros como parte do proceso de avaliación externa, parécenos adecuada esta decisión por: 1) recoñecer e valorar o esforzo do profesorado implicado, 2) evitar que no futuro se acheguen centros cunha idea errónea do que supón participan en OMQQ. Non obstante, no futuro poderíase dedicar un maior esforzo ao diálogo previo co profesorado por parte das entidades organizadoras para evitar interpretacións erróneas.
IOV5.2. Proceso de avaliación continua involucrou aos distintos axentes implicados: persoal contratado e voluntarios das ONGD implicadas; grupos meta (profesorado e alumnado); administracións públicas e axentes do Sur.	**ALTO**	Sen observacións.
IOV5.3. Os informes de diagnóstico e de avaliación final do proxecto preséntanse en foros educativos, publícanse, difúndense e están accesible nas canles de comunicación das ONGD agrupadas e nas principais canles do sector das ONGD e do sector educativo en Galicia (web e boletín da Coordinadora Galega de ONGD e Plataforma Redeiras).	**NON PROCEDE**	Non podemos valorar a difusión posterior deste informe por cuestións lóxicas temporais.
IOV5.4. Na formulación 2018/2019 incorpóranse algunhas das recomendacións do proceso avaliativo.	**MEDIO**	Tendo en conta os prazos, este indicador é de difícil cumprimento atendendo á avaliación externa final. No momento de realizar este proceso, a formulación da seguinte edición xa está realizada. Non obstante, a comunicación entre a empresa avaliadora e a entidade líder do consorcio foi fluída e continua polo que, a pesares de non estar entregado o informe final, algunhas das recomendacións foron trasladadas de xeito informal e asumidas pola ONGD na formulación da seguinte fase.

IOV5.5. O equipo síntese mellor preparado para executar o proxecto.	**ALTO**	Nas entrevistas realizadas ao equipo técnico das 3 entidades coordinadoras (EDUCO, AGARESO, SIG) manifestouse que perciben unha evolución significativa en canto á preparación para executar o proxecto máis satisfactoriamente. Un dos motivos é a bagaxe previa de todas elas en OMQQ, cun coñecemento máis amplo de todo o que implica o proxecto. Outro motivo, sen dúbida, é a formación recibida por parte da Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia (ASEIA). Esta formación foi útil non só no plano máis técnico (reorientación de OMQQ), senón tamén no emocional ao reforzar a motivación do equipo para continuar a viaxe de OMQQ.

· **OBXECTIVO ESPECÍFICO**. ***Contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social***

En concordancia coa análise de cumprimento de indicadores dos resultados, o obxectivo específico considérase acadado con éxito ao contribuír este proxecto ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidade locais e dinámicas globais e ao apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Todos os indicadores deste obxectivo contan cun cumprimento alto, sendo conscientes (tanto o profesorado como a empresa externa responsable desta avaliación) que se ben o proxecto contribúe á transformación das e dos adolescentes, non é a causa única desta transformación xa que esta é consecuencia de diversas e complementarias accións realizadas nos centros ao longo do tempo. Tamén matiza o profesorado nas entrevistas que medir o impacto real deste obxectivo específico é unha tarefa máis a medio-longo prazo, non inmediata ao finalizar a intervención.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV1. A lo menos o 70% do profesorado participante no proxecto afirma que o seu alumnado ten experimentado no curso escolar 2016/17 un desenvolvemento positivo dos valores básicos para a vida e a convivencia e das competencias básicas de acordo ao currículo do nivel educativo secundario.	**ALTO**	O 100% do profesorado entrevistado no marco desta avaliación afirma sen dúbida que a participación en OMQQ favoreceu un desenvolvemento positivo en relación aos valores, destrezas e coñecemento traballados ao longo do curso. Se ben, ao mesmo tempo, manifestan que non é posible medir o impacto exclusivo deste proxecto xa que este desenvolvemento é froito de múltiples e diversas actividades dos centros. Tamén sosteñen que o cumprimento de indicadores deste tipo non se poden medir no curto prazo xa que, en moitos casos, sementouse unha semente para o futuro.
IOV2. A lo menos o 70% dos 800 alumnos/as participantes no proxecto son capaces de identificar como poden exercer unha responsabilidade que teñen coa comunidade tanto local coma global.	**ALTO**	Os cuestionarios ao alumnado (táboa 2) amosan que o 88% pensa que o mundo non é xusto, ao 91% gustaríalle facer algo para mudar o mundo e 95% pensa que pode facer algo para mellorar o medio ambiente. Tamén case a metade do alumnado é consciente de que os ODS poden traballarse desde os concellos, o que apunta ao cumprimento deste indicador. Así mesmo, nas entrevistas grupais realizadas ao alumnado participante se lles preguntou que cousas poderían facer eles e elas para mellorar o mundo e a grande maioría aportaron ideas e as argumentaron (fundamentalmente no eido medio ambiental que é o que máis doado lles resulta de visualizar no local pero tamén nos seus propios comportamentos a prol da igualdade de xénero ou en contra do racismo). Por todo isto, afírmase que este indicador está acadado en termos xerais.
IOV3. A lo menos o 70% dos 800 alumnos/as participantes no proxecto adquiriron habilidades educomunicativas como receptores e emisores de contidos que vinculen as realidades do seu contexto local coas dinámicas globais.	**ALTO**	Nas entrevistas grupais realizadas ao alumnado, a maioría manifestan que os obradoiros de comunicación son os que máis atractivos lles parecían. Todas e todos eles recoñecen que aprenderon a empregar diversas ferramentas e que, actualmente, as poden empregar de xeito autónomo (percíbese que a capacidade quedou instalada). Revisando os produtos dos diferentes centros pódese afirmar que o alumnado si adquiriu certa habilidade educomunicativa (sinalando que isto é máis visible e claro nos produtos radiofónicos que fotográficos).

3.2. CRITERIO DE IMPACTO

A finalidade deste apartado é analizar os cambios experimentados entre o alumnado participante dende o inicio do curso ata a súa finalización. Búscase medir o impacto xerado pola intervención en relación ao coñecemento e actitudes en relación ás temáticas tratadas ao longo da viaxe cara a *O Mundo Que Queremos*. Para elo realízase unha análise comparada das súas respostas ao cuestionario elaborado para este proxecto antes de iniciar o proxecto (recollidas no documento de diagnose) e unha vez finalizado o mesmo.

A primeira parte do cuestionario está conformada por unha batería de doce enunciados nos que o alumnado debe responder certo / falso / non sei, presentando os resultados na táboa 02.

Táboa 02. Percepción do alumnado en relación a varias afirmacións relacionadas coas temáticas de *O mundo que queremos*, comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.

ENUNCIADO	TOTAL					
	CERTO		FALSO		NS	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018
1. Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas	15%	3%	74%	93%	10%	3%
2. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, poden traballarse desde o meu concello	18%	47%	3%	9%	79%	45%
3. O mundo actual é suficientemente xusto	5%	9%	81%	88%	14%	3%
4. Todas as noticias da TV, radio ou prensa son verdade	9%	5%	74%	79%	17%	16%
5. Non tería un amigo ou amiga doutra cultura porque sería moi difícil entendernos	4%	3%	92%	93%	4%	3%
6. Eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente	5%	5%	94%	95%	1%	0%
7. Gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto	91%	91%	3%	7%	6%	2%
8. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur	3%	5%	27%	52%	71%	43%
9. As rapazas e os rapaces non poden xogar ás mesmas cousas	8%	5%	90%	93%	3%	2%
10. En Galicia non existe o racismo	3%	3%	82%	90%	15%	7%
11. As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia	5%	2%	73%	83%	22%	16%
12. O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes	37%	10%	38%	76%	24%	14%

Fonte: Elaboración propia.

O primeiro que se pode observar na táboa anterior é que os enunciados relacionados coa interculturalidade (1, 10 e 11) experimentaron un cambio significativo en senso positivo. Hai un 19% máis de estudantes que non están de acordo coa afirmación *"traballar en grupo é*

máis difícil cando hai persoas doutras culturas", mentres que as persoas que pensan que en Galicia hai racismo aumenta en 8 puntos porcentuais e quen pensa que é falso que *"as persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia"* elevouse en 10 puntos. Segundo sexo (ver táboa 4 do Anexo), as diferenzas nas tendencias son leves: as rapazas aumentan en maior medida que os rapaces nos enunciados 1 e 11, mentres que os rapaces o fan con máis forza no enunciado 10.

Gráfica 01. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 02. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "en Galicia non existe racismo", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 03. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "as persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Os dous enunciados relacionados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (2 e 8) amosan unha tendencia positiva notable. Así, nestes dous enunciados destaca o descenso do descoñecemento entre o alumnado (pasando do 79% ao 45% no primeiro caso e do 71% ao 43% no segundo). Maniféstase unha tendencia sólida de pasar do descoñecemento á comprensión do que implican os ODS, existindo ademais coherencia entre a resposta nos dous ítems (o que aporta fiabilidade aos resultados). Deste modo, case a metade do alumnado entende que os ODS poden traballarse desde o seu concello (fronte ao 18% inicial) e o 52% sabe que non están deseñados para traballarse só nos países do Sur (fronte ao 27% inicial). Con isto pode afirmarse que *"O mundo que queremos"* dedica un importante esforzo a difundir os ODS, afondando ademais na vinculación entre o global e o local. En cifras brutas os cambios son máis significativos entre os rapaces, non obstante, hai que ter en conta que a situación de partida das rapazas era máis positiva polo que a variación porcentual é menor.

Gráfica 04. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, poden traballarse desde o meu concello", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 05. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

O enunciado *"O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes"* resulta o máis controvertido, dado que as diferenzas entre sexos resultan moi marcadas. Na gráfica posterior obsérvanse diferenzas marcadas con respecto ao momento de diagnose: a porcentaxe de alumnado que opina que o enunciado é falso aumenta case 40 puntos (pasando dun 38% inicial a un 76%). Así, 3 de cada 4 estudantes saberían que o feminismo non procura a supremacía das mulleres e tan só 1 de cada 10 opina que si.

Gráfica 06. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Segundo sexo as variacións son máis notables entre as rapazas, pasando do 32% que sabían que o feminismo non busca a supremacía das mulleres en 2017 ao 91% no 2018 (ver gráfica 07). Mentres que entre os rapaces, sen ben a tendencia tamén é positiva, non se percibe un coñecemento tan elevado (pasando do 43% ao 56%). Pola súa banda, o descoñecemento redúcese en 15 puntos entre as rapazas (quedando no 2018 no 6%), mentres que entre os homes tan só en 3 puntos (quedando no 24%).

Gráfica 07. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes" segundo sexo en 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Por último, outro enunciado que amosa unha leve variación nas respostas é o de *"o mundo actual é suficientemente xusto"*. En 2018 case 9 de cada 10 estudantes reflexa o seu rexeitamento a esta afirmación. Ademais, esta perspectiva crítica é exactamente igual en homes que en mulleres, polo que non existen diferencias por cuestión de sexo. Non obstante, en comparanza coas respostas de 2017 percíbese un aumento de rapaces que rexeita este enunciado (15 puntos máis) e, á súa vez, o mantemento na porcentaxe de rapazas (leve descenso de 3 puntos). A variación máis salientable é o descenso global no descoñecemento desta cuestión: pasando do 14% inicial ao 3% unha vez finalizado o proxecto.

Gráfica 08. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "o mundo actual é suficientemente xusto", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

No resto de enunciados (4, 5, 6, 7 e 9) a variación de respostas no momento da diagnose e no momento da avaliación final non son significativos. Se ben se poden percibir certos cambios porcentuais moi leves, o reducido da mostra non permite afirmar que nestes casos existan tendencias claras de cambio nos coñecementos, comportamentos ou valores do alumnado tras participar en OMQQ. Resulta importante sinalar neste punto que a situación de partida do alumnado nestes enunciados era sumamente favorable, con máis do 90% de persoas que amosan comprender e compartir as temáticas dos mesmos (agás no 4, *"todas as noticias da TV, radio ou prensa son verdade"*), polo que esta ausencia de variación non pode considerarse como unha debilidade do proxecto[7].

[7] O resto de gráficas dos enunciados poden atoparse no Anexo (gráficas 10-14).

A segunda parte do cuestionario está formada por once afirmacións nas que o alumnado ten que situarse nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 “non me sento nada identificada” e 5 “síntome totalmente identificada". Na gráfica 9 preséntanse as respostas medias para cada un dos enunciados amosando a variacións das respostas do momento inicial (diagnose de 2017) á finalización da intervención (2018).

Gráfica 09. Grao de identificación medio do alumnado ante os enunciados propostos, comparanza 2017 e 2018.



Fonte: Elaboración propia.

Como se observa na gráfica anterior, os ítems nos que se experimentou unha maior variación son, por unha banda, o de *"vivir en contextos culturalmente diversos é algo enriquecedor"* e *"son feminista"* (en coherencia cos resultados anteriores) e, por outra, o de *"os Dereitos Humanos están garantidos en todo o mundo"* e *"todas as nenas e nenos do mundo van á escola"* que tamén están vinculados aos enunciados anteriores ao relacionarse coa perspectiva global dos ODS. Ademais, percíbese un leve incremento do sentimento do alumnado en relación á súa importancia para cambiar o mundo, así como en percibir o mundo como inxusto.

Segundo sexo (táboa 3), as tendencias de cambio tras participar en OMQQ son moi similares entre as rapazas e os rapaces. Destaca, como anteriormente, o enunciado de *"son feminista"* no que a media de mulleres que amosan estar de acordo coa afirmación aumenta en 1,7 puntos fronte ao aumento de 1,1 puntos deles. Tamén descende en maior medida entre

as mulleres a percepción de que os Dereitos Humanos están garantidos en todo o mundo (entre elas descende 1 punto e entre eles tan só 0,4 puntos).

Pola súa banda, son os rapaces os que en maior medida aumentaron o seu sentimento de protagonistas para o cambio do mundo: a media dos rapaces que están de acordo coa afirmación *"sinto que son importante para cambiar o mundo"* ascende en 0,5 puntos, fronte o 0,1 das rapazas. Polo tanto, diluíronse as diferencias por sexos despois da intervención, principalmente porque o grupo de homes incrementou en maior medida a súa identificación co enunciado proposto, ata chegar aos niveis do grupo das mulleres.

No caso do enunciado "*Sempre que podo trato de axudar ás miñas compañeiras e compañeiros*" percíbese unha evolución negativa. Na diagnose obsérvanse valores en torno ao 4,6, onde o grupo de mulleres arroxa valores moderadamente maiores (apenas 0,3). Posteriormente á intervención, o grado de identificación co enunciado é inferior aos niveis anteriores, cunha media de 4,1 a nivel agregado, 4,2 no caso do grupo de mulleres e 3,9 no dos homes.

Táboa 03. Valoración media da autoidentificación nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada") segundo sexo, comparanza 2017 e 2018.

ENUNCIADO	MEDIA					
	MULLER		HOME		TOTAL	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018
Penso que o mundo actual non é xusto	4,2	4,4	3,9	4,1	4,0	4,3
Vivir en contextos culturalmente diversos é algo enriquecedor	3,7	4,6	3,6	4,4	3,6	4,5
As miñas pautas de consumo gardan relación coas desigualdades no mundo	3,3	3,2	3,0	3,0	3,1	3,1
Sempre que podo trato de axudar ás miñas compañeiras e compañeiros	4,7	4,2	4,4	3,9	4,6	4,1
Estou disposta/o a facer algo para que o mundo sexa máis xusto	4,6	4,4	3,8	4,0	4,2	4,2
Son feminista	2,6	4,3	2,1	3,2	2,3	3,8
Sinto que son importante para cambiar o mundo	3,2	3,3	2,7	3,2	2,9	3,3
Os Dereitos Humanos están garantidos en todo o mundo	2,8	1,8	2,9	2,5	2,9	2,1
A cooperación para desenvolvemento só é importante nos países do Sur	1,7	1,7	2,0	2,0	1,9	1,8
Todas as nenas e nenos do mundo van á escola	1,9	1,2	2,5	1,6	2,2	1,4
O que eu comparto nas redes sociais non axuda a cambiar o mundo	2,7	3,0	3,0	3,3	2,9	3,1

Fonte: Elaboración propia.

4. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

ORIENTADAS Á FORMULACIÓN DA INTERVENCIÓN

⁝ Mellorar a formulación, sobre todo a coherencia horizontal da matriz do marco lóxico. Hai actividades que non están recollidas nos indicadores e que realmente impactan na consecución do resultado correspondente (por exemplo, a actividade 5 do resultado 4). Tamén obsérvase que existen varios indicadores que non contan coa/s súa/s correspondente/s fonte/s de verificación (por exemplo, varios indicadores do resultado 1).

⁝ Dedicar un tempo a analizar e revisar o sistema global de indicadores da intervención. Por exemplo, sería recomendable desagregar con maior detalle os indicadores do resultado 2. Pensamos que con realizar unha formación de 4 horas para o profesorado non se pode garantir que se logre facilitar *"os coñecementos e as ferramentas precisas ao profesorado implicado para a incorporación do discurso da EpD na súa aula ao longo do curso"*. Outro exemplo pode ser revisar os indicadores 2 e 3 do resultado 1, os cales poden resultar redundantes.

⁝ O indicador 4 do resultado 5 parécenos fundamental e evidencia a importancia que as entidades consorciadas outorgan á avaliación externa como parte do proceso do proxecto. Non obstante, resultará moi difícil de medir xa que no momento de entregar o informe final de avaliación normalmente a nova edición do proxecto xa estará formulada (e, en xeral, xa estará iniciada a súa execución). Queremos resaltar o positivo da existencia deste indicador e expresar as nosas reticencias cos prazos administrativos actuais que, como norma, impiden que as recomendacións xeradas sobre unha intervención non poidan ser tidas en conta ata dúas edicións posteriores.

Aínda así, destacamos como positivo o interese das entidades por manter un diálogo fluído e constante coa empresa avaliadora para, aínda que sexa de xeito máis informal, poder considerar as propostas de mellora que se perciben como axente externo.

⁝ Por último, en canto á formulación da intervención poderíase abrir un proceso interno, no que participen tanto as ONGD como a entidade financiadora, para decidir se compensa manter un obxectivo meta tan amplo (800 estudantes) ou podería reducirse a costa de mellorar a intervención noutros eidos. Hai quen recoñece que *"nunca acadamos o número de alumnado, así que non é realista"* manter esta cifra. Quizais reducir este número pode axudar a destinar un maior esforzo a traballar co profesorado ou acompañar ao alumnado na organización do acto final.

ORIENTADAS Á IMPLEMENTENTACIÓN DA INTERVENCIÓN

⁝ A selección de centros podería ser máis rigorosa para minimizar as dificultades posteriores na execución con algúns centros. Sería importante manter unha comunicación máis intensa e persoal unha vez que o profesorado solicita o Plan Proxecta para explicar con detalle o que supón a participación en OMQQ, evitando que se produzan malentendidos ou interpretacións erróneas sobre o mesmo. Podería pensarse en asinar un acordo de colaboración inicial entre as entidades consorciadas e os centros educativos no que se recollan os dereitos e deberes de cada un dos actores.

⁝ Se ben OMQQ é un proxecto orientado por definición a un público amplo, como xa se mencionou, poderíase buscar un equilibrio entre aumentar o número de alumnado participante e aumentar o impacto da intervención.

⁝ Os actos de incidencia son un elemento clave de OMQQ, o cal pode axudar a reforzar a aprendizaxe do alumnado (visibilizando o vínculo entre a formación e a acción e entre o global e o local) e tamén a fortalecer a estratexia de comunicación (ao ser un evento atractivo para os medios). Recoméndase aumentar o esforzo ao longo de todo o curso para motivar e colaborar co alumnado e profesorado na organización desta actividade. Empregar o "alumnado conector" pode ser unha boa estratexia mais deberá reforzarse o seu papel e implicación, así como retomar a iniciativa "do recuncho do proxecto". Neste senso, o propio persoal do proxecto recoñece que neste curso non se incidiu nisto durante os obradoiros e tampouco se apoio o xurdimento do grupo de alumnado conector como noutras edicións (nas que ata se realizaba unha sesión só para dinamizar a este grupo). Polo tanto, a recomendación e incluír na propia planificación do proxecto accións (tempo e recursos) para pór en marcha estas iniciativas desde o comezo do curso académico.

⁝ Os resultados das enquisas ao alumnado na diagnose e na avaliación final amosan tendencias moi positivas en relación á mellora de coñecementos desde a perspectiva global (interculturalidade, ODS,..). Tamén nas entrevistas ao persoal das tres ONGD coordinadoras percíbese o seu interese por colocar o foco no vínculo entre o local e o global. Polo tanto, sen ningunha dúbida, este esforzo por incluír a dimensión global da EpD na intervención é unha fortaleza de OMQQ que deberá manterse.

Do mesmo xeito, os impactos en relación as cuestións feministas son notables, destacando como outra fortaleza de OMQQ a manter.

⁝ Recoméndase mellorar o proceso de seguimento do proxecto deseñando un sistema de recompilación de fontes de verificación efectivo. Implicar a todo o equipo técnico

neste proceso evidénciase como un factor a ter en conta. Todas e todos deberán saber a que contribúe a súa actividade concreta e como se vai medir a súa consecución. Mellorar a sistematización das enquisas realizadas tras cada actividade tamén resulta imprescindible e evidenciaría que se lle dá importancia ao proceso de seguimento e avaliación.

⁝ Percíbense como mellorables as accións orientadas ao profesorado: garantir a presenza de máis docentes na primeira sesión formativa ou redeseñar os contidos tratados nesa sesión presentando opcións para que, unha vez realizada a actividade, poidan afondar nos contidos tratados co seu alumnado (recursos, dinámicas, temáticas relacionadas,...). Tamén poderían realizar un "diario de viaxe" no que recompilar información sobre o que realizan nas aulas relacionado con OMQQ.

Segundo as entidades consorciadas, o motivo polo que este ano non se chegou a implicar ao profesorado foi externo á organización, concretamente *"ten que ver con como chegaron os centros a solicitar o Plan Proxecta"*, á súa motivación inicial. Non obstante, como axente externo á intervención, se ben recoñecemos este elemento como factor que inflúe, cremos que se deberían de reconsiderar as accións que establece OMQQ orientadas a fomentar a implicación do profesorado. A recomendación, neste senso, pasaría por ter máis presencia nos centros acompañando ao profesorado (sexa dun xeito máis formal ou informal).

OUTRAS RECOMENDACIÓNS

⁝ Se ben o traballo en consorcio é unha das fortalezas deste proxecto, aumentar o número de entidades coordinadoras pode ser perigoso xa que a dificultade para consensuar as decisións pode ser maior. Así mesmo, pensamos que a cuestión non debería de ser aumentar o número sen máis, senón procurar un reparto coherente e equilibrado de responsabilidades en todas as fases da intervención. A experiencia deste ano pensamos que pon de manifesto, claramente, que unha entidade que forme parte do consorcio sen capacidade para asumir as súas responsabilidade ao 100% pode ser un factor con influenza negativa na intervención (e na propia motivación do equipo de traballo).

⁝ A Visita do Sur é unha actividade moi ben valorada tanto polo profesorado como polo alumnado de todos os centros. Esta actividade é un elemento diferenciador deste proxecto, en comparanza con outras accións de EpD galegas, e é sen dúbida unha fortaleza do mesmo. Ademais, favorece o traballo da dimensión global da EpD e está relacionado sen dúbidas cos bos resultados de OMQQ neste eido. Polo que a recomendación neste caso, como en todas as fortalezas, é manter o esforzo e os recursos destinados a esta acción.

⁝ Nas entrevistas grupais realizadas ao alumnado percíbese que non teñen unha imaxe clara do conxunto do proxecto. Non identifican a idea de que OMQQ é unha viaxe metafórica con diferentes parada interrelacionadas. Pola contra, a maioría recordan accións puntuais sen lograr identificar ou construír o fío condutor do proxecto. En cambio, o profesorado si identifica e explica perfectamente a intervención, atopando os puntos de unión entre as diferentes paradas.

Polo tanto, a recomendación e reforzar a visión común do proxecto de cara ao alumnado. Se ben está demostrado que todas as monitoras e monitores explican "a viaxe cara ao mundo que queremos" nas aulas, podería fortalecerse esta liña con outras accións. Como exemplos, podemos propoñer: elaborar un cartaz explicativo da metáfora da viaxe para manter nas aulas durante todo o curso ou ata elaborar un pasaporte para o alumnado que deba de ir selando en cada parada. Outro exemplo podería ser que, por aula, elaboren un álbum da súa viaxe (con fotos das sesións, dos produtos, con frases sobre o traballado, recortes,...) ou mesmo que se cree algunha conta en redes sociais para que elas e eles compartan a experiencia da súa viaxe. A nosa proposta é ter en conta que sexa unha actividade visual, sinxela e atractiva para captar a participación do alumando.

⁝ Por último, sinalamos o positivo de poder realizar o traballo de campo da avaliación dentro do curso académico da intervención, algo que facilita e aporta calidade aos resultados obtidos (polo que se recomenda continuar con esta dinámica). Non obstante, o feito de realizar as visitas nas derradeiras semanas de curso dificultou notablemente o poder chegar a unha mostra máis representativa do alumnado. Para futuras edicións recoméndase planificar a actividade de avaliación externa co alumnado como unha parte máis do proxecto (e comunicarllo así ao profesorado desde o comezo). En lugar de que sexan os centro quen escolla a un pequeno grupo de estudantes, o mellor sería traballar cun aula enteira pare evitar sesgos na mostra.

ANEXO.

Táboa 04. Percepción do alumnado en relación a varias afirmacións relacionadas coas temáticas de *O mundo que queremos* segundo sexo, comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.

ENUNCIADO	MULLER						HOME						TOTAL					
	CERTO		FALSO		NS		CERTO		FALSO		NS		CERTO		FALSO		NS	
	17	18	17	18	17	18	17	18	17	18	17	18	17	18	17	18	17	18
Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas	26	3	71	94	3	3	7	4	77	92	16	4	15	3	74	93	10	3
Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, poden traballarse desde o meu concello	21	42	0	12	79	45	16	52	5	4	80	44	18	47	3	9	79	45
O mundo actual é suficientemente xusto	3	9	91	88	6	3	7	8	73	88	20	4	5	9	81	88	14	3
Todas as noticias da TV, radio ou prensa son verdade	9	3	65	79	26	18	9	8	82	80	9	12	9	5	74	79	17	16
Non tería un amigo ou amiga doutra cultura porque sería moi difícil entendernos	0	3	97	94	3	3	7	4	89	92	5	4	4	3	92	93	4	3
Eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente	3	3	97	97	0	0	7	8	91	92	2	0	5	5	94	95	1	0
Gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto	94	97	0	3	6	0	89	84	5	12	7	4	91	91	3	7	6	2
Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur	0	3	38	52	62	45	5	8	18	52	77	40	3	5	27	52	71	43
As rapazas e os rapaces non poden xogar ás mesmas cousas	0	6	100	94	0	0	14	4	82	92	5	4	8	5	90	93	3	2
En Galicia non existe o racismo	3	0	88	91	9	9	2	8	77	88	20	4	3	3	82	90	15	7
As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia	6	0	79	91	15	9	5	4	68	72	27	24	5	2	73	83	22	16
O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes	47	3	32	91	21	6	30	20	43	56	27	24	37	10	38	76	24	14

Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 10. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "todas as noticias da TV, radio ou prensa son verdade", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 11. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "non tería un amigo ou amiga doutra cultura porque sería moi difícil entendernos", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 12. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 13. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 14. Posicionamento do alumnado ante o enunciado "as rapazas e os rapaces non poden xogar ás mesmas cousas", comparanza 2017 e 2018. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.